

## 'Os mortos van ás présas', favorita para os Mestre Mateo con 19 candidaturas

A película de Ángel de la Cruz compite con 'A noite que deixou de chover', de Alfonso Zarauza, 'Pradolongo', de Ignacio Vilar e 'Un conto para Olivia', de Manane Rodríguez



**AXENCIAS | SANTIAGO** A película Os mortos van ás presas, do director Ángel de la Cruz, é a favorita na VII edición dos premios Mestre Mateo con 19 candidaturas en 15 categorías distintas, entre elas, mellor longametraxe, dirección, guión e intérpretes feminina e masculino. Así o informaron onte en rolda de prensa responsables da Academia Galega do Audiovisual, que abriron os sobres cos nomes dos finalistas nas 28 categorías ante a prensa e desvelaron que as súas competidoras na categoría de mellor película son A noite que deixou de chover, de Alfonso Zarauza; Pradolongo, de Ignacio Vilar; e Un conto para Olivia, de Manane Rodríguez.



Neus Asensi nunha escena do filme 'Os mortos van ás présas'. / la opinión

A presidenta da Academia, María Bouzas, destacou o "incremento notable" de obras e profesionais que se presentaron nesta convocatoria, que pasaron de 121 a 148 no primeiro caso e de 300 a 465 no segundo, polo que manifestou a súa "satisfacción".

Na gala dos Mestre Mateo, que se celebrará o próximo 30 de abril no Pazo da Cultura de Pontevedra, entregárase o premio de honra Fernando Rey ao director artístico Suso Montero, do que Bouzas subliñou que é "un prolífico creador de decorados" e "un dos pioneiros" neste ámbito en Galicia, cunha "longa traxectoria e aínda en activo".

'Padre Casares'

Destaca polo seu número de nominacións a serie, que emite a Televisión de Galicia, Padre Casares, que aspira a once premios, incluídos os de mellor serie, guión e intérprete masculino; así como as longametraxes Pradolongo e A noite que deixou de chover, con seis nominacións cada unha.

Tamén a seis figuras aspira a serie Libro de familia, mentres que a película O menor dos males opta aos recoñecementos de mellor montaxe e mellor intérprete feminina, que podería recaer en Carmen Maura. Nesta mesma categoría resultaron finalistas Camila Bossa -por A mariñeira-, Tamara Canosa -por Pradolongo- e Neus Asensi -por Os mortos van ás presas-.

Outras categorías

Como mellor intérprete masculino protagonista competirán Chete Lera, por Os mortos van ás presas; Luís Tosar, por A noite que deixou de chover; e Predro Alonso e Antonio Durán Morris por Padre Casares.

Como actores de repartición, optan á distinción Xosé Manuel Oliveira Pico, Antonio Durán Morris e Ernesto Chao, por Os mortos van ás presas e Tuto Vázquez, por Padre Casares. Nesta última categoría, en feminino, copan as catro nominacións mulleres da repartición da película de Ángel de la Cruz, xa que o premio está entre Belén Constenla, María Castro, Roza Alvarez e Berta Olla.

O mellor director decidírase entre Ángel de la Cruz (Os mortos van ás presas), Alfonso Zarauza (A noite que deixou de chover), Ignacio Vilar (Pradolongo) e Marta Piñeiro (Libro de Familia); e o mellor guión estará entre o de Os mortos van á presa, Padre Casares, A noite que deixou de chover e Air Galicia.

Serán candidatos ao galardón como mellor programa de televisión Cifras e letras, Criaturas, Hai que mollarse e Larpeiros, mentres que como mellor serie compiten Padre Casares, Air Galicia, Os Atlánticos e Terra de acolá.

### HEMEROTECA

[Volver a la Edición Actual](#)

### ESPECIAL ELECCIONES GALLEGAS



Fotos, entrevistas, encuentros digitales, gráficos,... Sigue todo lo relacionado con las Elecciones Gallegas en nuestro especial.

[EXTRAS EN LA WEB](#)

### COMPARTIR



¿qué es esto?

ENVIAR PÁGINA »

IMPRIMIR PÁGINA »

AUMENTAR TEXTO »

REDUCIR TEXTO »

## 2 comentarios

**Comentario enviado el día 13-03-2009 a las 18:03:27**

((Comentario no publicado))

Normas de uso de los comentarios:

- Esta es la opinión de los internautas, no de LAOPINIONCORUNA.ES.
- No está permitido verter comentarios contrarios a las leyes españolas o injuriantes.
- Reservado el derecho a eliminar, o extractar, los comentarios que consideremos fuera de tema.
- Se penalizarán los comentarios escritos completamente en Mayúsculas.
- No está permitido realizar publicidad a través de los comentarios

### LAOPINIONCORUNA.ES

**Autor:** Monteagudo

**Comentario enviado el día 13-03-2009 a las 16:43:57**

Dedíquense a la bollería fina .En el cine no tienen nada que hacer

**Autor:** miloja

#### VER MÁS OFERTAS AQUÍ



**Clinica Dental.**  
Mejore su salud por poco dinero.

[Consultar](#)



**Climatizador Ambientador Portatil Jocca.**  
Aprovecha la oportunidad.

94,45 €



**Cuentas remuneradas en iahorro.com.**  
Compara todas las cuentas de alta rentabilidad.

[Consultar](#)

CONÓZCANOS: [CONTACTO](#) | [LA OPINIÓN A CORUÑA](#) | [LOCALIZACIÓN](#)

PUBLICIDAD: [TARIFAS WEB](#) | [TARIFAS PAPEL](#) | [CONTRATAR](#)

**laopinioncoruña.es**

laopinioncoruña.es es un producto de **Editorial Prensa Ibérica**

Queda terminantemente prohibida la reproducción total o parcial de los contenidos ofrecidos a través de este medio, salvo autorización expresa de laopinioncoruña.es. Así mismo, queda prohibida toda reproducción a los efectos del artículo 32.1, párrafo segundo, Ley 23/2006 de la Propiedad intelectual.

Adaptado a la Ley de Protección de Datos por



[Aviso legal](#)



Otros medios del grupo **Editorial Prensa Ibérica**

Diari de Girona | Diario de Ibiza | Diario de Mallorca | Empordà | Faro de Vigo | Información | La Opinión de Granada | La Opinión de Málaga | La Opinión de Murcia | La Opinión de Tenerife | La Opinión de Zamora | La Provincia | La Nueva España | Levante-EMV | El Boletín | Mallorca Zeitung | Regió 7 | Superdeporte | The Adelaide Review | 97.7 La Radio | Blog Mis-Recetas